

HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIAN E SAN LÁZARO

REGULAMENTO DE REXIME INTERIOR APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO MUNICIPAL NA SESION DE 19 XANEIRO DE 2009

De conformidade co acordado polo Pleno Municipal en sesión de 17 de novembro de 2008, a interpretación deste Regulamento e da aplicación da Ordenanza do prezo público se efectuará baixo os seguintes criterios:

- a) O criterio expreso da imposibilidade de que se algún interno ou a súa familia non ten medios económicos para cubrir a diferenza co previsto na Ordenanza iso non lle repercute á hora de ingresar.
- b) O Concello se impón a obriga de xestionar as axudas para cubrir os déficit dos usuarios.

ART.1.-IDENTIFICACION

O hospital-asilo de San Sebastián e San Lázaro é , segundo a Orde do 18 de abril de 1996 (modificada por Orde de 13 de abril de 2007), que desenvolve o Decreto 243/1995 do 28 de xullo no relativo a regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprirlos centros de atención a persoas maiores, unha *mini residencia* , por tratarse dun centro, cun número de prazas entre 13 e 59 , no que se presta o servizo de vivenda permanente cunha asistencia integral e continuada ás persoas maiores.

A titularidade de este centro é do **Excmo. Concello de Ribadeo**, inscrito no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar número S403, con enderezo en Praza de España, 1 de Ribadeo. Sendo o representante legal o Sr. Alcalde-presidente D. Fernando Suárez Barcia e o NIF do concello P 2705100 B, se ben a xestión e administración do Centro corresponden á Congregación Marta e María con CIF P7705101-I, en virtude do Convenio formalizado coa mesma, e nos termos deste Regulamento.

ART.2.-SERVICIOS OFERTADOS

- **Servizos básicos:**
- Aloxamento
- Manutención
- Uso de zonas de convivencia e de servizos comúns.
- Fisioterapia
- **Servizos complementarios:**
- Atención especializada de xeriatria e enfermería.
- Rehabilitación e atención social.
- Servizos relixiosos, capilla, etc.
- Terapia ocupacional.

ART.3.-PREZO POLA PRESTACION DOS SERVICIOS.-

A relación de prezos figura como anexo I ao presente Regulamento.

En ningún caso a aportación do usuario con cargo á súa pensión, excederá do 90 % do importe da mesma, tanto para válidos como para inválidos.

O pagamento faise efectivo , por mensualidades vencidas, nos primeiros cinco días do mes seguinte. A modalidade de pagamento é a domiciliación bancaria. Suposto de facturación de media mensualidade: (ingreso no centro na 2ª quincena do mes e calquera estancia no mesmo

que sexa inferior ou igual a 15 días . No caso de baixa voluntaria deberá o usuario preavisar ó centro con cinco días de antelación a data da baixa.

Factura-recibo: Contra o pagamento expedirase o correspondente recibo-factura por duplicado- un para o expediente individualizado custodiado no centro e outro para entregar ó usuario cliente-. No mesmo detallaranse os servizos ós que corresponde o pagamento.

Réxime de actualización dos prezos: incrementado cada ano co IPC galego, segundo designe o Instituto Galego de Estadística (IGE)

ART.4.-INGRESO DOS USUARIOS

Na permanencia no centro respetarase a propia vontade dos usuarios ou do seu representante legal.

No suposto de que o usuario fora declarado incapaz xudicialmente e nomeado o seu tutor, as decisións relevantes corresponderán ó mesmo. Sen prexuízo, en caso de ser preciso, da intervención do xuíz competente.

Requisitos:

- Maior de 65 anos.- Ou máis de 60 sendo pensionista
- Residente no concello de Ribadeo, cunha antigüidade a lo menos de 2 anos de empadramento.
- Terán preferencia as persoas con menos recursos económicos.

Documentación:

- D.N.I.
- Certificado da pensión que perciba.
- Cartilla Seguridade Social
- Valoración médica do grao de dependencia.
- Informe médico co diagnóstico (patoloxías, enfermidades infecto-contaxiosas, trastornos píquicos, antecedentes psiquiátricos...) e coa posoloxía do tratamento farmacolóxico a subministrar, dietas especiais...
- Datos da unidade familiar e dos contactos familiares
- Datos bancarios do usuario.

No momento do ingreso o centro facilítalle ó usuario o Regulamento de réxime interior visado por Vicepresidencia e deixarase constancia da entrega e da data,para a lectura e aceptación do usuario.

ART.5.-Igualmente no momento do ingreso formalizarase un contrato no que consten os servizos prestados na residencia, prezo, datos da entidade titular do centro, datos do usuario, tutor legal, familiares, lugar, data e sinaturas.

ART.6.- Establecese un periodo de proba de 1 mes de duración para a adaptación do usuario ao centro. Durante este mes poderase rescindir o contrato.

ART.7.-O centro dispón dun libro de rexistro de usuarios, no que se inscriben estes na data de formalización do ingreso e se anotan as incidencias relevantes (incapacitación xudicial, titor,etc) así como a data e motivo da baixa do usuario.

No centro levarase, debidamente custodiado, un expediente individualizado de cada usuario. No mesmo constarán: documentos médicos, sociais, familiares,económicos, recibos de pago,así como quedará constancia das incidencias que se consideren de interese (hospitalizacións,vacacións,etc.)

O centro conta cun libro de reclamacións a disposición dos usuarios. No suposto de que se efectuase algunha reclamación, daráselle copia da mesma ó reclamante e remitirase unha segunda copia a Subdirección xeral de autorización e inspección de centros da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

O centro dispón dunha póliza de responsabilidade civil que garante a cobertura das indemnizacións ós usuarios e sinistros do edificio. Dita póliza pode ser requerida polos usuarios para o seu coñecemento.

ART.8.-REXIME INTERIOR

Horarios:

-Xexun	9.30 hs.	Misa(voluntaria)	9.00 hs.
-Xantar	14.00 hs.		
-Cea	20.00 hs.		

Horario de visitas:

O horario de visitas é libre exceptuando as horas das comidas e pola noite, salvo caso de necesidade ou que ocorra algunha circunstancia especial, efectuándose nembargantes dentro das seguintes franxas horarias:

Pola mañá: De 10,00 h. a 13,30 h. Pola tarde: De 16,00 horas a 19,30 horas.

Réxime de saídas:

Libre , respetando os horarios das comidas. Dende as 10,00 ás 21.00 horas.

Garantízase a comunicación co exterior tanto telefónicamente como por correspondencia.

Comunicación e información do centro ó representante legal e ou familiares do usuario (Teléfono, carta,reunións...)

Gastos sanitarios: os usuarios faranse cargo dos gastos que non sexan cubertos pola Seguridade Social.

Os armarios contarán con chave para a custodia dos enseres persoais dos usuarios.

Está prohibido o almacenamento de alimentos e bebidas alcohólicas nas habitacións.

-Está prohibido fumar dentro da Residencia.

PERMANENCIA E INCAPACIDADE:

Na permanencia no centro respetarase a propia vontade dos usuarios ou do seu representante legal.

No suposto de que o usuario fora declarado incapaz xudicialmente e nomeado o seu tutor, as decisións relevantes corresponderán ó mesmo. Sen prexuízo, en caso de ser preciso, da intervención do xuíz competente.

No caso de incapacidade sobrevida logo do seu internamento, os responsables do centro, deberán poñelo en coñecemento inmediato da autoridade xudicial para os efectos do previsto no artigo 211 do Código Civil. Nos supostos de situación de desamparo,etc,os responsables do centro deberán poñer en coñecemento do ministerio fiscal os feitos que poden ser determinantes de incapacitación do maior.

RESERVA DE PRAZA:

A situación de reserva de praza a favor dos residentes prodúcese nas seguintes situacións:

a)Cando o residente abandone involuntariamente o centro para ser internado nun hospital.

b)Cando o residente abandona voluntariamente o Centro por un período máximo de 30 días consecutivos ou 45 discontinuos por ano natural, para vacacións, estancias con familiares, etc., durante a situación de reserva de praza facturarase igualmente o custo do prezo público sen redución algunha.

ART.9.- OBRIGAS DOS USUARIOS

1. Cumpri-las normas sobre utilización do centro establecidas no regulamento de réxime interior.
2. Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
3. Colaborar na realización de determinadas tarefas, que sen supoñer un risco para a súa saúde nin para a finalidade do tratamento, sirva para mellora-la súa autonomía persoal e participación na vida do centro, dacordo co disposto no regulamento de réxime interior.
4. Pago do prezo público correspondente segundo a Ordenanza reguladora.

ART.10.- DEREITOS DOS USUARIOS

1. A acceder ós mesmos e recibir asistencia sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. Á consideración no trato, debida a dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como dos demais usuarios.
3. Ó sxiilo profesional acerca dos datos do seu historial profesional ou social.
4. A realizar saídas ó exterior.
5. A manter relacións interpersonais, incluíndo o dereito a recibir visitas.
6. A unha asistencia especializada acorde coas súas necesidades específicas.
7. A intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.
8. A que se lle facilite o acceso a atención social, sanitaria, educacional, cultural e en xeral a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguilo seu desenvolvemento integral.
9. A abandonar-lo centro por vontade propia.
10. A asociarse co obxecto de favorecer-la súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.
O exercicio dos dereitos sinalados nos parágrafos 4 e 9 poderán ser obxecto de limitación en virtude de resolución xudicial.

ART.11.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO

Na saída do centro respectarase a propia vontade dos usuarios ou do seu representante legal, que precisará ademais de autorización xudicial no suposto de maiores incapacitados xudicialmente.

Réxime de preaviso de baixa: Preavisarase a baixa con 5 días de antelación.

Causas de baixa:

-En calquera momento a petición do usuario ou tutor legal.

-Polo incumprimento reiterado das obrigas dos usuarios do centro consistente en: 1) Reiterado incumprimento das normas de utilización do centro establecidas no presente regulamento así como 2) non observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia. Deixarase constancia no expediente individualizado de tales inobservancias.

-Por precisar asistencia para as actividades da vida diaria de carácter especializado, que non corresponden as ofrecidas nas vivendas comunitarias.

-Por falecemento.

-Cando a baixa non sexa por falecemento ou vontade propia do usuario, ou do seu representante legal ou titor, iniciarase un expediente contradictorio, con audiencia ó interesado, ou ó seu representante legal ou titor, e que será resolto polo Director-a do Centro, oídos os Servizos Sociais municipais.

Reiterado impago do prezo público de 3 mensualidades.

ART. 12. REXIME SANCIONADOR.-

DAS FALTAS E SANCIONS

12.1

1. Os usuarios do centro serán os responsables dos danos ou perxuicios que por acción ou omisión causen nas suas instalacións, así coma das alteracións de orde que se produzan
2. Sen perxuicio da responsabilidade penal ou civil en que poideran incurrir por tales actos ou omisións, que poderá esixirse ante os xulgados e tribunáis correspondentes, si os residentes cometesen algunha das faltas previstas neste capítulo, serán obxecto do procedemento sancionador que, con carácter xeral, establece a Lei 30/ 1992 e normativa complementaria

12.2 .- Ós efectos previstos no anterior artigo, as faltas clasifícanse en moi graves, graves e leves

Faltas moi graves

- a) A reiteración de tres ou máis faltas graves.
- b) A agresión física ou malos tratos hacia os residentes no Centro ou demais persoal.
- c) Falsar ou ocultar declaracións ou aportar datos inexistentes ou relevantes en relación coa condición de residente para obter beneficio.
- d) Ocasionar danos relevantes nos bens dos aloxamentos ou perxuicios notorios na convivencia.

Faltas graves

- a) A reiteración de tres ou máis faltas leves.
- b) Entorpecer, intencionada e habitualmente , as actividades a realizar no Centro.
- c) A sustracción de bens ou calqueira clase de obxeto, propiedade das instalacións, do persoal ou de calqueira residente ou visitante.
- d) A demora inxustificada do pago do prezo público.
- e) A utilización do Centro para a cohabitabilidade , aínda que sexa temporal, por parte de familiares e/ou amigos do beneficiario, salvo no suposto de enfermidade do residente e co permiso expreso dos responsables do Centro

Faltas leves

- a) A simple falta de respecto, manifestada en incorrección de trato, actitudes ou palabras desconsideradas ou inconvincentes hacia outro beneficiario ou persoal adscrito a dito servizo.
- b) O descuido ou negligencia, non imputable pola idade ou polas condicións físicas das persoas, no uso mobiliario, obxectos, materiais ou instalacións do Centro

12.3- As sancións que se impoñan ós residentes que incurran nalgunha das faltas clasificadas anteriormente serán as seguintes:

Faltas moi graves

- Expulsión temporal do centro por un período de un a seis meses, podendo chegar en determinados casos ata a expulsión definitiva.

Faltas leves

- Amonestación verbal ou escrita.

12.4.- Para a gradación das sancións previstas terase en contaas circunstancias persoais do autor responsable, tales como a idade, condicións físicas e psíquicas, e o seu nivel de formación, así como a transcendencia dos feitos e a alarma , intranquilidade ou inquietude producida entre os beneficiarios ou persoal de ditas instalacións, ademáis das manifestacións ou mostras de sincero arrepentimento do autor e a reparación inmediata dos danos ou prexuízos ocasionados.

12.5 .- As faltas leves prescribirán ós dous meses , as graves ós catro e as moi graves ó ano, sempre que durante estes períodos de tempo non se lle comunicara ó interesado a incoación de expediente ou ,no caso das faltas leves, se lle impuxera sanción.

As faltas serán sancionadas polo Alcalde-Presidente .

CLAUSURA DERROGATORIA.-

Déixase sen efecto o Regulamento de Réxime Interior de data 27 de decembro de 1930, no que contradiga a este Regulamento.

Este Regulamento foi aprobado polo Pleno Municipal en sesión de 19 de xaneiro de 2009.

ANEXO I

PREZO POLA PRESTACION DOS SERVICIOS

OBRIGADOS A PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público, regulado neste ordenanza, quenes se beneficien dos servizos e actividades da Residencia Municipal para a terceira idade San Sebastián e San Lázaro, en concepto de suxeitos pasivos. Para seren beneficiario do mesmo terá que estarse ó establecido no presente regulamento de rexime interno.

O prezo para o ano 2008 é o seguinte:

Residentes válidos	600 € mensuais
Residentes asistidos	800 € mensuais.

En ningún caso a aportación do usuario con cargo á súa pensión, excederá do 90 % do importe da mesma, tanto para válidos como para inválidos.

ANEXO II

CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIO, HOSPITAL – RESIDENCIA SAN SEBASTIAN E SAN LÁZARO

En Ribadeo a _____ de _____ de _____

REUNIDOS:

Dunha parte Don/a. _____
Maior de idade, con **D.N.I.** _____ Veciño de _____

De outra parte Don/a. _____
Maior de idade estado civil _____ con **D.N.I.** _____
Veciño de _____ rua _____

E de outra parte, Don/a. _____
Maior de idade, estado civil _____ con **D.N.I.** _____
Veciño de _____ rua _____

INTERVEÑEN:

O primeiro como representante legal da Residencia **Hospital Residencia “San Sebastián y San Lázaro”** de Ribadeo, con domicilio na rua Clemente Martínez Pasarón nº 9 e con **N.I.F P 7705101 I**

O/a segundo/a no seu propio nome e dereito. (O Residente)

O/a terceiro/a que actúa no seu propio nome e dereito e o parentesco co solicitante e o de:

Recoñecéndose nesa representación capacidade bastante e sin limitacions para o outorgamento do presente contrato, a tal efecto:

MANIFESTAN:

PRIMEIRO: Que o Hospital Residencia San “Sebastián e San Lázaro” de Ribadeo, é unha entidade prestadora de servizos sociais caracterizada como unha mini-residencia segundo a normativa vixente, sendo a titularidade do Centro do Excmo. Concello de Ribadeo inscrito no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar num. S403, xestionado pola Congregación de Marta e María inscrita no Rexistro de Entidades Relixiosas da Direccion Xeral de Asuntos Relixiosos do Ministerio de Xustiza co número 2519 sección especial B, ostentando a mesma a xestion e administración do Hospital Asilo.

SEGUNDO: Que don/a. _____ en adiante
o/a residente, en plenitude de facultades psíquicas está interesado en ingresar na Residencia, accedendo aos servizos que ésta presta, e esta interesado/a en recibir esos servizos e por isto

deciden de común acordo este contrato de prestación de servicios de residencia con arranxo as seguintes:

ESTIPULACIONES.

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONTRATO.- O Hospital-Residencia se compromete a manter en réxime de internado o/a Residente, segundo determina o Regulamento Interno.

SEGUNDA: OBRIGAS DO RESIDENTE.

O residente mentras dure a situación de Residencia, deberá cumprir e respectar as obrigacións descritas neste contrato e no Regulamento de Réxime Interno, e aboar o prezo público, contraprestación económica establecida na Ordenanza e restante normativa reguladora, que coñece e acepta.

TERCEIRA: GARANTIA DO PAGO DO PREZO REAL.- Ao marxe da cantidade que efectivamente aboe o residente, o prezo da praza e estancia será o que con carácter anual se estableza para o Hospital Residencia San “Sebastián y san Lázaro”. Tarifa real que permanece exposta no taboleiro de anuncios do centro e que será comunicada ao residente e a don/a. _____ en adelante Tutor ou Familiar responsable.

Si o Residente é INDEPENDENTE ingresará, 600 euros mensuais.

Si o Residente é DEPENDENTE, ingresará 800 euros mensuais.

Incrementarase o pago de 600 a 800 euros mensuais no momento en que o Residente precise servicios completos (de independente a dependente).

O Tutor ou Familiar Responsable responderá solidariamente co Residente do impago das débedas que o Residente xenere en favor da Residencia.

En calquera caso e sin prexuízo de outras consideracións, si o residente acreditara que non pode satisfacer a totalidade da tarifa, por non dispoñer de recursos económicos, a cantidade que falte terá a consideración de débeda do residente en favor da Residencia. Estas cantidades deberán ser reintegradas a residencia si o residente chegara a mellor fortuna, e no caso de imposible cobro, será imputada esta debeda ao Tutor ou familiar responsable nos termos establecidos e, en todo caso, na herencia do Residente si esta existira.

O residente acepta o incremento que poida experimentar anualmente o prezo público conforme ao procedemento legalmente establecido.

En ningún caso a aportación do usuario con cargo á súa pensión , excederá do 90 % do importe da mesma, tanto para válidos como para inválidos.

Aqueles usuarios do Hospital Asilo que non dispoñan de rendas líquidas dabondo para aboar o custo efectivo da praza que corresponda, pero que nembargantes sexan titulares de bens ou dereitos de calquera clase ou natureza quedarán obrigados a constituir as garantías axeitadas para o pagamento do total ou da parte de custo do servizo prestado a que alcancen os seus bens.

Se a cantidade aboada mensualmente polo usuario non alcanzara a cubrir o prezo público vixente o Centro ou o Concello poderá chamar , no seu caso, ao cónxuxe , descendentes de grao máis proximo, ascendentes de grao mais próximo, irmáns, etc. pola orde en que sexan chamados á sucesión testamentaria ou intestada do usuario, para que contribúan a mermer dita diferenca, valorando a capacidade económica destes e os medios económicos do usuario, mediante aportacións económicas mensuais pola diferenca , constitución de renda vitalicia a cambio da cesión de bens ou dereitos do usuario, ou calquera outros medios admitidos en dereito conforme ao procedemento que se determine.

Se non poderan efectuarse ou foran insuficientes as aportacións anteriormente mencionadas o Concello ou o Centro obrigará ao usuario que resultase titular de bens ou dereitos de calquera natureza a constituir sobre os mesmos as garantías adecuadas para o pago do total ou de parte do custo do servizo prestado a que alcancen os seus bens mediante calquera dos medios admitidos en dereito, sendo de conta do usuario , todos os gastos que lle orixine.

Se o Concello ou o Centro adquiriran coñecemento de que tras da firma do presente contrato o usuario alleou ou gravou calesquera dos seus bens ou dereitos, en prexuízo da súa solvencia para o pago da débeda garantida, poderá dar por extinguido o contrato agás aboamento da cantidade total adebedada ou asunción expresa da débeda polos adquirintes ou beneficiarios.

Asimesmo sen prexuízo do disposto anteriormente o Concello ou o Centro poderá realizar liquidación periódicas, que se practicarán de acordo co correspondente prezo público, a fin de aminora-la débeda resultante ata o día da data , pola cantidade líquida, esixible e vencida, acreditada pola certificación contable correspondente, importe que o usuario reconece adebedar e se obriga á amortizar do xeito que ambas partes teñan a ben convir.

O usuario obrígase a comunicar en data inmediata ao Concello ou ao Centro calquera incremento ou diminución que se produza na súa renda ou patrimonio con respecto ao inicial do momento da súa entrada no Centro , sexa cal sexa a súa orixe e aínda no caso de que so fora unha simple expectativa de dereito.

Anualmente o usuario deberá presentar á dirección do Centro a notificación da revalorización da pensión e subsidio así como calquera outra documentación económica que a tal efecto lle sexa solicitada.

CUARTA: OUTRAS OBRIGAS DO TUTOR OU FAMILIAR RESPONSABLE.

O Tutor ou Familiar Responsable do Residente ratifica o contido integro do presente documento, comprometéndose a:

- a) Atendelo en calqueira ocasión na que o mesmo teña que deixar a Residencia, ben sexa de forma temporal (Visitas medicas, ou calquera outra xestión e comprometése e responsabilizase de firmar as autorizacións no caso de tratamentos cirúrxicos) ou por abandono total de la Residencia
- b) Subministrar ao Residente todos aqueles obxectos que sexan de uso persoal e que non estén incluídos dentro do réxime da Residencia, (artículos de hixiene persoal, roupa, colchón xeriátrico si o necesitara, muletas, cadeiras de rodas, andadores etc...).
- c) Farase cargo das actuacións e trámites no suposto de falecemento do residente.
- d) Cumplir o presente documento, en especial, as obrigas garantidas.

QUINTA: PRAZO.- O contrato terá unha duración indefinida. Non obstante o anterior, calquera das partes poderá dar por rematada a relación sen alegar causa algunha, sempre que se comunique a denuncia por escrito cun mes de antelación a data de eficacia da mesma.

En todo caso si o Residente unha vez ingresado na Residencia, padecera algunha enfermidade de natureza psíquica ou problemas mentais que afecten a súa convivencia co resto dos residentes, comprometése a abandonar a Residencia ata a súa curación, tanto para ser trasladado a un centro especializado ou cos seus familiares.

SEXTA: ENTREGA DE ENSERES.- O residente establece expresamente que no caso de falecemento todas as súas pertencencias e enseres que se atopan na Residencia serán entregados no prazo dunha semana ao Tutor ou Familiar responsable. Sí en dito prazo este non se houbera interesado en elos, a Residencia disporá deles como máis oportunamente o considerase.

SEPTIMA: RESERVA DE PRAZA.- (Estipulación opcional) no caso de producirse a situación de reserva de praza en favor do Residente, facturárase do modo habitual; de idéntica contía, é dicir, do un ao cinco de cada mes.

OCTAVA: EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE.- Os danos que o residente poidera sufrir fora das instalacións da Residencia exoneran a ésta de todo tipo de responsabilidade.

NOVENA: XURISDICCIÓN.- Para calquera cuestión derivada do presente contrato, as partes sometense á xurisdicción dos Xulgados e tribunais de Mondoñedo, por ser o máis cercano a Residencia renunciando ao seu propio fuero si o tiveran, no que atinxe ao ámbito de competencia dos mesmos e ao Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo de tratarse dun asunto correspondente a esta xurisdicción.

E en proba de conformidade e para que conste, previa lectura que por si mesmos efectúan os comparecentes, asinan no lugar e data expresados no encabezamento por triplicado exemplar.

Asdo.
POLA RESIDENCIA

Asdo.
O SOLICITANTE

Asdo.
O TITOR OU FAMILIAR RESPONSABLE

O presente Regulamento, conforme ó disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcurrido o prazo de quince días a que fai referencia o artigo 65. 2 da mesma Lei.

O que se fai público para xeral coñecemento facendose constar igualmente que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 23 de xaneiro de 2009.
O ALCALDE,

Asd.FERNANDO SUÁREZ BARCIA